

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANUNCIO do 18 de marzo de 2014, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a publicación das puntuacións definitivas e a relación de excluídos definitivos en varias especialidades, abertas entre outras polo Anuncio do 30 de setembro de 2013, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos (Diario Oficial de Galicia do 17 de outubro).

Unha vez publicada a lista provisional e resoltas as reclamacións, procede publicar o baremo definitivo e a relación definitiva de excluídos na páxina web desta consellería.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Facer públicas na páxina web desta consellería (<http://www.edu.xunta.es>) as puntuacións definitivas e a relación definitiva de excluídos do baremo para as prazas de interinidades e substitucións para impartir docencia nas especialidades de Procesos e Produtos de Têxtil, Confección e Pel (590120) do corpo de profesores de ensino secundario, Patronaxe e Confección (591217) e Servizos de Restauración (591226) do corpo de profesores técnicos de formación profesional, Guitarra (594414) e Trompa (594427) do corpo de profesores de música e artes escénicas e na especialidade de Técnicas de Gravado e Estampación (596614) do corpo de mestres de taller de artes plásticas e deseño, abertas entre outras, polo Anuncio do 30 de setembro de 2013, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos (*Diario Oficial de Galicia* do 17 de outubro).

Segundo. Contra estas puntuacións definitivas e a relación definitiva de excluídos, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o director xeral de Centros e Recursos Humanos, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día



seguinte ao da publicación deste anuncio, ante o xulgado do contencioso-administrativo, conforme os artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2014

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

CVE-DOG: emciab1-irp7-utg9-9ou4-fjptmxiq9cf2

